



Guía Docente				
Datos Identificativos				2013/14
Asignatura (*)	Edición e Comentario dos Textos Galegos e Portugueses		Código	613G02028
Titulación	Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Optativa	4.5
Idioma	Galego			
Prerrequisitos				
Departamento	Galego-Portugués, Francés e Lingüística			
Coordinación	Ferreiro Fernandez, Manuel	Correo electrónico	manuel.ferreiro@udc.es	
Profesorado	Eirin García, Leticia Ferreiro Fernandez, Manuel	Correo electrónico	leticia.eirin@udc.es manuel.ferreiro@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Introdución teórico-práctica á edición e comentario de textos galegos e portugueses.			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A3	Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria.
A4	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua galega.
A9	Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.
A10	Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A14	Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
A16	Coñecer a crítica textual e a edición de textos.
A19	Coñecer a historia e a cultura das comunidades galegofalantes.
A20	Coñecer a historia e a cultura das comunidades lusófonas.
A27	Coñecer a evolución histórica externa e interna da lingua galega.
A28	Coñecer a evolución histórica externa e interna da lingua portuguesa.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)			Competencias da titulación
Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.			A1
Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.			A2
Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria.			A3
Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua galega.			A4



Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.	A9		
Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.	A10		
Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.	A11		
Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.	A14		
Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.	A15		
Coñecer a crítica textual e a edición de textos.	A16		
Coñecer a historia e a cultura das comunidades galegofalantes.	A19		
Coñecer a historia e a cultura das comunidades lusófonas.	A20		
Coñecer a evolución histórica externa e interna da lingua galega.	A27		
Coñecer a evolución histórica externa e interna da lingua portuguesa.	A28		
Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.		B1	
Adquirir capacidade de autoformación.		B3	
Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.		B5	
Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.		B7	
Apreciar a diversidade.		B8	
Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.			C1
Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.			C6
Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.			C7

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Ecdótica, crítica textual, textoloxía.	1.1. Conceptos xerais: teoría e método. 1.2. Introducción á edición crítica.
2. A Ecdótica e a Crítica Textual no ámbito galego-portugués.	2.1. O período medieval. 2.2. A literatura galega. 2.3. A literatura portuguesa.
3. O comentario de textos.	3.1. O comentario lingüístico-filolóxico. 3.2. O comentario literario.

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Obradoiro	14	28	42
Lecturas	1	12	13
Traballos tutelados	1	12	13
Proba mixta	1	5	6
Sesión maxistral	15	22.5	37.5
Atención personalizada	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Obradoiro	Nestas sesións, o conxunto do alumnado realizará actividades de diferente tipoloxía destinadas á consolidación dos contidos presentados nas sesións maxistras, así como das destrezas e das estratexias relacionadas cos obxectivos e contidos da materia. Entre estas actividades contémpanse, alén doutras, a realización de prácticas ecdóticas e de comentarios de textos, a resolución de problemas, as prácticas a través de TIC, probas de varia tipoloxía e estudos de casos.



Lecturas	Cada estudante deberá facer ao longo do curso unha serie de lecturas obrigatorias que serán seleccionadas e, eventualmente, fornecidas polo profesorado.
Traballos tutelados	Cada estudante deberá elaborar un traballo, dirixido polo profesorado, escolleito entre unha serie de propostas presentadas no inicio de curso. Con este traballo preténdese fomentar a aprendizaxe autónoma e o manexo de fontes de diverso tipo.
Proba mixta	Proba escrita que combinará actividades de carácter ensaístico, de edición e comentario etc.
Sesión maxistral	Presentación, desenvolvemento e análise de contidos teóricos e procedementais fundamentais para o alumnado atinxir as competencias e destrezas previstas na materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Ao lado do labor de titorización realizado no horario de atendimento marcado polo profesorado responsábel da materia, a atención personalizada estará dirixida especialmente para o apoio á realización do "Traballo Tutelado". De maneira xeral, cada estudante asistirá polo menos a unha sesión de atendimento previa á exposición do traballo.

Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Lecturas	Lectura reflexiva dos materiais bibliográficos indicados polo profesorado.	15
Traballos tutelados	Valorarase fundamentalmente a profundidade e o rigor da pesquisa, a clareza expositiva e a calidade expresiva.	25
Obradoiro	Realización de actividades prácticas derivadas das sesións maxistras (edición de textos, comentarios etc.).	20
Proba mixta	Constitúe unha proba con elementos diversos, onde serán valoradas cuestións tales como os contidos, a clareza e rigor expositivo e a calidade expresiva.	40

Observacións avaliación

Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10. Así mesmo, na proba mixta deberá obter como mínimo 4 puntos sobre 10, para poder sumar os restantes elementos avaliados/instrumentos de avaliación.

O alumnado terá que entregar os traballos e actividades no prazo fixado. Asemade, todo tipo de actividade ou proba deberá cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal?); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación.

O alumnado con matrícula parcial e/ou dispensa académica deberá realizar e entregar as mesmas probas e exercicios que o restante; se non puiden asistir ás titorías, deberá pórse en contacto co profesor a través do correo electrónico.

Na segunda oportunidade, en xullo, o alumnado será avaliado cos mesmos criterios e coas mesmas porcentaxes que na oportunidade anterior.

A cualificación de NON PRESENTADO será considerada cando o/a alumno/a non asistira ao exame (proba mixta) e/ou cando tiver entregado un número inferior de actividades ao 50%

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- AA.VV. (1986). Comentario de Textos Literarios. Madrid: Alhena- Crespillo, M. (ed.) (1997). Comentario lingüístico de textos. Málaga: Universidad- AA.VV. (1986). Critique Textuelle Portugaise. Actes du Colloque (Paris, 20-24 octobre 1981). Paris: Fondation Calouste Gulbenkian- Marchese, A. / Forradellas, J., (2000). Diccionario de retórica, crítica y terminología literaria. Barcelona: Ariel- Marcos Marín, F. (1978). El comentario lingüístico (Metodología y práctica). Madrid: Cátedra- Spaggiari, B. / Perugi, M. (2004). Fundamentos da Crítica Textual. História. Metodologia. Exercícios. Rio de Janeiro: Lucerna- Azevedo Filho, L. de (1987). Iniciação em crítica textual. Rio de Janeiro: Presença- Martínez-Gil, V. (coord.) (2001). L'edició de textos: història i mètode. Barcelona: Universitat Oberta de Catalunya- Blecua, A. (1983). Manual de crítica textual. Madrid: Cátedra- Reis, C. (1978). Técnicas de Análise Textual. Coimbra: Livr. Almedina
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías